

ADDENDA PARA AVALIACIÓN DE ESO E BACHARELATO

- Cálculo da nota da Avaliación Final.

Estableceranse dúas liñas de actuación dependendo de si o alumnado superou ou non a materia do curso, seguindo as seguintes directrices no cálculo da nota da avaliación final:

1. Sabendo, en principio, que a nota da avaliación final será a obtida da media das tres avaliacións, está nota poderá ser aumentada ata un máximo de medio punto (0,5).

. Xustificamos a nosa decisión tendo en conta que:

- Contaremos como media dunhas catro sesións (seis sesións en 4ºESO) lectivas.

- A atención do profesorado na aula deberá, por forza, dividirse entre a atención ao alumnado suspenso e ao alumnado aprobado, polo que sen ningún apoio adicional, complícase a tarefa e redúcese aínda mais o tempo na realidade.

Non obstante, convén lembrar que a nota sobre a que se fará a subida será a obtida da media das 3 avaliacións conservando os decimais, polo que podería semellar de facto unha subida dun punto tendo en conta o redondeo. Deste xeito, por exemplo, un alumno cun 7,3 na avaliación final (nota media das 3 avaliacións), que leva un 7 no boletín, podería pasar a ter unha mellora que chegue a un 7,6 ou 7,7 ou 7,8, onde gracias ao redondeo, pasaría a un 8 (**sempre que o seu comportamento e actitude, asistencia á clase, traballo, interese non supoñan un detrimento**).

2. O alumnado da ESO e Bacharelato que non lle de a nota media das 3 avaliacións unha nota de 5 ou superior a ésta deberá presentarse a un exame final para recuperar a materia cara a avaliación final e optar así a superar a materia.

Lembramos tamén que a materia de Segunda Lingua Estranxeira é considerada Avaliación Continua e que a última nota debe reflectir neste caso a actitude, traballo, comportamento e interese amosado no curso en conxunto, non nas últimas catro sesións.

3. O bo comportamento e a asistencia a clase serán requisitos indispensables tanto para poder superar a materia como para subir ata medio punto a nota a aqueles alumnos xa aprobados no curso. Lémbrese que asistencia é obrigatoria como o foi durante o resto do curso académico.

O alumnado aprobado que non demostre mellora e/ou non teña un comportamento axeitado permanecerá coa mesma nota que obtivo na media das 3 avaliacións, é dicir non se lle aumentará a nota ata un medio punto (0,5)

4. Da mesma forma, programarase unha serie de actividades lúdicas-culturais para seren realizadas co alumnado que xa superase a materia do curso.

A programación de actividades lúdicas-culturais para o alumnado aprobado poderá previsiblemente verse limitada ou restrinxida completamente e será sempre dependente do número e as características do alumnado suspenso que demande atención e que entendemos debe ser considerado unha prioridade. Por tanto, as devanditas actividades non quedan garantidas.

5. As actividades, probas, traballos para superar a materia deberán realizarse polo alumnado sempre na clase para evitar desigualdades e que prevalezan as vantaxes dos alumnos que poden ter axuda na casa ou nas academias. Na casa soamente estudarán. Polo tanto, comprometémonos a axeitar a duración e as características dos materiais empregados a esta necesidade.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS
Marzo 2022